



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A REMUDA DO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN DE CUNTIS NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

Ao pleno da Corporación

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de xuño nun comunicado público, o BNG de Cuntis (que ostenta a responsabilidade no Goberno Municipal da área de Educación) vertía **graves acusacións contra a agrupación política á que representamos e máis contra o colexio público Don Aurelio**. Afirmábase que neste centro se repartira entre o alumnado '*material do grupo político Veciñanza*', algo absolutamente falso e co que este grupo municipal non ten nada que ver. Veciñanza consideraría intolerable que nun centro de ensino se repartise material dunha determinada forza política, fose a que fose. En todo caso, os feitos aos que facemos referencia afectan a Veciñanza de maneira indirecta, xa que en ningún caso somos responsables do uso que se faga do material dispoñible na rede aínda que este se atope na nosa páxina web.

O Equipo Directivo do CPI Don Aurelio aclarou o acontecido poucas horas despois de coñecerse tal difamación, e pediu as pertinentes desculpas polo que (segundo afirman) non foi máis que o lamentable erro dunha traballadora. Os feitos desencadearon unha desagradable polémica xerando unha confusión innecesaria en torno a un asunto tan delicado. Cóstanos que o concelleiro de Educación, membro do BNG de Cuntis e representante municipal no Consello Escolar, **en ningún momento exerceu a súa responsabilidade interesándose polo acontecido antes de que o seu partido político**

vertese acusacións tan graves e prexudiciais para a imaxe do centro. Nin se interesou persoalmente, nin por teléfono nin por ningunha outra vía para coñecer de primeira man o acontecido, o cal é unha gravísima irresponsabilidade. Este feito vén a sumarse a unha recoñecida dificultade nas relacións institucionais entre o Goberno Municipal e CPI Don Aurelio, algo manifestamente prexudicial para o conxunto da comunidade escolar.

É evidente que a situación require tomar decisións para reconducir, cando menos dende esta Corporación, as relacións co centro de ensino da nosa vila.

Por todo o exposto, propoñemos a esta Corporación a adopción do seguinte **acordo**:

revocar o acordo adoptado ao abeiro do art. 38 da ROF o día 30 de xuño de 2015 polo cal se nomeaba ao concelleiro José Enrique Portela Pisos como representante da Corporación no Consello Municipal Escolar **e proceder á elección dun novo representante seguindo o procedemento legal estipulado para o caso.**

Cuntis, 15 de xullo de 2016

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López